

MOCIÓN DE AER SOBRE ACOLLEMENTOS CIVÍS

PLENO 26 XANEIRO 2012. ACTA 1/2012

Antecedentes

Moción da Agrupación de Electores de Redondela que, transcrita, dí:

Jorge Varela Couñago, concelleiro da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e ao artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN, para o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou en 1959 a Declaración Universal dos Dereitos do Neno, e en 1989 Convención de Dereitos do Neno. Nestes documentos conságranse unha serie de dereitos de carácter universal, indivisible e interdependente, incumbindo a todos os poderes públicos a responsabilidade de garantilos.

O concello amósase como o espazo político e social máis próximo pra facer fronte ás demandas dos máis cativos. Debemos acadar que os concellos fomenten, con todos os medios dos que dispoñen, o respecto á dignidade de todos os nenos e nenas, creando as condicións precisas para que poidan gozar da súa infancia. As administracións deben adoptar medidas para respectar a liberdade de elección nos ámbitos educativo, relixioso, cultural e político, así como fomentar a educación sobre as bases de democracia, tolerancia e a plena participación na vida municipal.

Dende hai uns anos, varios concellos do Estado Español e de Galiza, como Guitiriz, Oleiros, Marín ou Chantada, veñen permitindo a pais e nais a celebración dos “acollementos civís” dos seus fillos e fillas. Os “acollementos civís” ou “actos de benvida á comunidade” dos nenos e nenas de Redondela, institucionalizan o compromiso do Concello cos seus dereitos, que son símbolo do progreso da humanidade. Con esta cerimonia preténdese iniciar aos nenos e nenas do concello no longo camiño das actitudes cívicas, que lles conduzan un porvir pacífico baseado nos valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade. Nos acollementos civís maniféstase o compromiso dos pais ou representantes legais, xunto cos padriños, con estes valores, para que os cativos se convertan en cidadáns libres e iguais en dereitos e deberes.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela a aprobación do seguinte regulamento:

REGULAMENTO DOS ACOLLEMENTOS CIVÍS DO CONCELLO DE REDONDELA

PREÁMBULO.

O acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na Comunidade e partícipes de dereitos, liberdades e deberes que a todos atinxen.

ARTIGO 1.- OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente regulamento a creación no Concello de Redondela dun Rexistro Municipal, de carácter administrativo, e a regulación da organización do acto social denominado “acollemento civil” ou “acto de benvida á comunidade”.

ARTIGO 2.- RÉXIME XURÍDICO

O acollemento civil non produce efectos legais nin presupón privilexio algún ou preferencia do neno ou nena no acceso aos servizos municipais.

O rexistro municipal de acollemento civil ten natureza administrativa, ríxese polas seguintes normas e polas que, con carácter complementario, se podan dictar.

A inscrición neste rexistro non terá en ningún caso calificación xurídica de acto, e unicamente será unha constatación administrativa dos acollementos civís que se realicen no Concello de Redondela.

ARTIGO 3.- REQUISITOS E PROCEDEMENTO

As inscricións e os acollementos realizaranse previa solicitude dos pais e titores, que deberán cumprir os requisitos seguintes:

- Que os inscritos sexan nenos ou xóvenes menores de idade.
- A condición de pais ou titores dos solicitantes.
- Que os solicitantes figuren empadroados no Concello de Redondela.

O cumprimento dos dous primeiros requisitos anteriores quedará acreditado coa presentación do libro de familia ou do documento acreditativo da titoría (certificación de nacemento do menor). A acreditación dos datos padroais farase de oficio polos servizos municipais.

A solicitude formalizarase mediante o modelo normalizado que figura como anexo I ao presente regulamento. Deberá ser presentada no Rexistro de Entrada do Concello, achegando tamén os documentos de identidade dos solicitantes.

A documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos aos que se refire este artigo poderá presentarse con orixinais, copias auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente.

Os pais poderán designar dúas persoas como máximo que actuarán como padriños na cerimonia, asumindo os mesmos compromisos que aqueles en canto á formación do neno ou nena nos principios e valores democráticos, e debendo velar polo respecto dos seus dereitos.

Se a solicitude non reunira todos os requisitos, o Concello comunicará aos interesados a non procedencia da súa tramitación. De estar completa, tramitarase a petición, comunicándose no termo dun mes aos solicitantes o día e o lugar de celebración do acto.

ARTIGO 4.- CELEBRACIÓN

No acto de celebración, que terá lugar na Casa do Concello e será presidido polo alcalde ou concelleiro en quen delegue, procederase á lectura de algún artigo/s da Declaración dos Dereitos do Neno ou da Convención sobre os Dereitos do Neno, e dos artigos 39.3 e 39.4 da Constitución Española, sen perxuízo da posibilidade de ler por parte das persoas solicitantes, padriños ou a autoridade, algún outro artigo ou texto.

Os representante legais e padriños formularán compromiso de educalo/a segundo os principios que se recollen neses textos e nas demais normas vixentes no Estado Español.

Os actos poderán ser individuais ou colectivos, podendo asistir os familiares e amigos/as do neno ou nena, coas únicas limitacións que impoña o aforo da sala ou espazo non que se realice a cerimonia.

O presidente levantará acta, que será asinada polos representantes legais do neno ou nena e, no seu caso, polos padriños.

ARTIGO 5. LIBRO REXISTRO

O rexistro materializarase nun libro-rexistro municipal, constituído por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura da Secretaría e da Alcaldía. Ao comezo e ao fin do mesmo estenderanse as respectivas dilixencias de apertura e de peche.

O rexistro municipal non ten carácter público, expedíndose certificacións dos seus asentos exclusivamente a instancia de calquera dos solicitantes (pais ou titores), dos inscritos, unha vez acadada a súa maioría de idade, ou dos xuíces ou tribunais de Xustiza.

Nos asentos correspondentes incluíranse os seguintes datos:

- a) Nº de inscrición.
- b) Lugar e data de celebración da cerimonia.
- c) Respecto do menor acollido: nome, apelidos, enderezo e data de nacemento.
- d) Respecto dos pais ou titores: nome, apelidos, enderezo e DNI.
- e) Respecto dos padriños: nome, apelidos, enderezo e DNI.
- f) Lugar e data da cerimonia e da inscrición.

Crearanse libros auxiliares que sexan axeitados para o mellor funcionamento do rexistro.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE DE ACOLLEMENTO CIVIL E DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ACOLLEMENTOS CIVÍS

Don....., con DNI nº.....e

D....., con DNI nº....., empadroados ambos noConcello de Redondela,
EXPOÑEN:

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por doce votos en contra (10 do PP e 2 do BNG) e move a favor (8 do PS de G-PSOE e 1 de AER) acordou rexeitar a moción transcrita.